



Benqueridos/as veciños, veciñas, festeiros/as chegados de todos os lados da xeografía galega, medios de comunicación públicos e privados, persoal que traballa nas distintas áreas da organización: Concelleiro de Cultura, Seguridade cidadá, departamento de cultura, deportes, todo o equipo de goberno, voluntarios de Protección Civil, Policía Local, Garda Civil, hostaleiros, animadores, músicos, expositores, barracas de animación, a todos quero darvos as grazas por participar un ano máis na FESTA DA TROITA.

A miña intención é que todos e todas vos sintades a gusto nestes tres días de festa, pero sobre todo o día grande, o domingo, no que poderemos degustar á raíña do río a partires das doce mañá na Alameda de Gois e na gran maioría dos establecementos hostaleiros repartidos por todo o Concello.

Ás catorce horas chegará o pregón que este ano será pronunciado pola presidenta da Cámara de Gois, Portugal, porque queremos que cada vez a festa sexa máis internacional.

Pero a Festa da Troita é algo máis que unha simple festa gastronómica, é tamén un evento deportivo onde se celebra un campionato de pesca sen morte para todo tipo de pescadores e tamén para os máis pequenos no río Carboeiro, un dos seis que surcan o noso territorio.


Por outra banda, temos actividades lúdicas e culturais para todos os públicos, para os que lles gustan as boas orquestras e o baile temos o mellor de Galicia; por isto convídeos a que non deixedes de visitar Oroso porque na súa capital, Sigüeiro, celébrase esta gran festa, onde non falta de nada. Por este motivo foi declarada Festa de Interese Turístico Galego no ano 2009, porque conxuga gastronomía, deporte, cultura, animación lúdica e verbena tradicional coas mellores orquestras de Galicia.

Antes de pechar este breve saúda quero expresar a miña gratitude a todos os establecementos que fan a degustación gratuíta da troita, pois sen a súa colaboración, esta festa non sería o que é pero tampouco quero esquecer a todos os establecementos que dende tempos inmemoriais fixeron ao noso concello famoso pola boa maneira de cociñar as troitas, pois troitas como as de Oroso-Sigüeiro non as hai nin se cociñan no mundo enteiro.

Todos os anos temos algunha novidade, este ano presentáremosvos á mascota da festa e do noso concello que se chama TROI.

Unha aperta. Boa festa!

Manuel Mirás  
Alcalde de Oroso



## Organiza



## Colaboran



FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA



# XXI FESTA DA TROITA 2017

## PROGRAMA



MÚSICA



GASTRONOMÍA



CULTURA



DEPORTE



# XXI FESTA DA TROITA 2017

## PROGRAMA

### VENRES 12 DE MAIO

22:30 h **FESTIVAL OROSO EN VIVO**  
(na alameda de Góis)  
Orquestra Fania  
Orquestra París de Noia

### SÁBADO 13 DE MAIO

09:00-13:00 h **Campionato de Pesca Adultos/as**

10:00-13:00 h **Exposición “Catro médicos por Oroso”**  
Centro cultural

11:30-13:00 h **Obradoiros Infantís**  
Praza de Isaac Díaz Pardo

12:00 h **Charanga TNT**

16:00-20:00 h **Campionato de Pesca Adultos/as**

18:00 h **MAXIA - Mago Teto**  
Praza de Isaac Díaz Pardo

19:30 h **Asoc. Folclórica Lembranzas do Tambre**  
Praza de Isaac Díaz Pardo

20:30 h **Asoc. Cultural Néboas no Cumio**  
Praza de Isaac Díaz Pardo

22:30 h **FESTIVAL OROSO EN VIVO**  
(na alameda de Góis)  
Orquestra Atenas  
Orquestra Panorama

### DOMINGO 14 DE MAIO

09:30-13:00 h **Campionato de Pesca Infantil**

10:30 h **Pasacalle**  
Charanga Mekanika

11:30-13:30 h **Garabato de Xogos - Xogos en familia**  
Praza de Isaac Díaz Pardo

12:00 h **Pasacalle e baile “A. F. Buxos Verdes”**  
Alameda de Góis e arredores

12:30 h **Degustación de troitas en bares colaboradores e na alameda de Góis**  
Pasacalle Charanga Mekanika

13:30 h **Pregón a cargo da Dr<sup>a</sup> MARÍA DE LURDES OLIVEIRA CASTANHEIRA, Presidenta da Cámara Municipal de Góis**  
Entrega de premios e trofeos do Campionato de Pesca na alameda de Góis

14:15 h **Sesión vermú (na alameda de Góis)**  
Orquestra Metrópolis

14:30 h **Xantar Popular**  
Carpa da alameda de Góis

16:30 h **Pasacalle**  
Grupo de Percusión Malandros  
Escola de Samba

17:30-19:30 h **Garabato de Xogos - Xogos en familia**  
Praza de Isaac Díaz Pardo e arredores

19:30 h **Verbena (na alameda de Góis)**  
Orquestra Metrópolis  
Combo Dominicano

### BARES PARTICIPANTES NA FESTA DA TROITA 2017

ANBORE COFFEE BAR

BAR A FALMEGA

BAR A RUTA

BAR BOQUETE

BAR CORTÉS

BAR FERNÁNDEZ

BAR GOROS

BAR NOVA XEIRA

BAR O CAMPO

BAR O CAZADOR

BAR SIGÜEIRO

BAR TAPAS

BAR XQ NO?

CAFÉ BAR ÉBANO

CAFÉ BAR SIGÜ

CAFÉ BAR XARDÍN

CAFÉ BAR 1X2

CAFETERÍA CHE

CAFETERÍA D'VILA

CAFETERÍA 6 RÍOS

CERVECERÍA 1900

MESÓN TAMBRE

O CAFÉ DE MANUELA

PARRILLADA O CACHOPAL

PULPERÍA AS RÍAS

MESÓN OS MADEIROS

RESTAURANTE A CANTINA

RESTAURANTE BALASAR

RESTAURANTE OS MARIÑEOS

RESTAURANTE MIRÁS

RESTAURANTE O NOSO MESÓN

SIGÜEIRO HOSTEL

VINOTECA RAQUEL

NOVO RODEO

VDA. DE NOUCHE

FOLK

